



Importación: O modelo básico a partir de xaneiro de 2022

(Segunda Parte)

Este boletín describe unha visión xeral do Modelo Básico para as importacións: os procesos que deben seguir todos os movementos de mercadorías a partir do mes de xaneiro de 2022. Con todo, non se trata dunha lista exhaustiva de todos os requisitos que poden aplicarse a un movemento de mercadorías. Trátase só dunha visión xeral. Neste boletín non se inclúen outros requisitos aplicables a determinados movementos de mercadorías.

O Modelo Básico consta dos seguintes procesos:

1. Os preparativos para a importación
2. As declaracións de aduana
3. Os dereitos e o IVE á importación
4. As declaracións de importación S&S (estas declaracións non se esixirán ata xullo de 2022, non obstante, os operadores teñen a opción de presentalas).

Nesta segunda parte tocaranse os dereitos e o IVE á importación e as declaración de seguridade e protección S&S.

3. Os dereitos e o IVE á importación

O IVE á importación aplicarase a todas as importacións de bens valorados en máis de 135 libras, aos bens con impostos especiais e aos bens C2C de calquera valor e aos agasallos de máis de 39 libras procedentes da UE, seguindo os mesmos tipos e estruturas que se aplican ás importacións do Resto do Mundo (Rest of the World RoW).

Os operadores rexistrados a efectos do IVE no Reino Unido poderán (pero non estarán obrigados) contabilizar o IVE das importacións na súa declaración do IVE utilizando a contabilidade do IVE aprazado.

Os operadores non rexistrados a efectos do IVE (e calquera operador rexistrado a efectos do IVE que non utilice a contabilidade do IVE aprazado) terán que declarar e pagar o IVE á importación a través dos procesos aduaneiros.

Do mesmo xeito que no caso dos dereitos de aduana, os operadores e os intermediarios poden utilizar o aprazamento dos dereitos para aprazar o pago do IVE á importación ata unha data determinada, atrasando o pago unha media de 30 días.

Tamén para os operadores rexistrados a efectos do IVE que decidan non utilizar a contabilidade aprazada do IVE, así como os intermediarios e os non rexistrados a efectos do IVE, poden utilizar o aprazamento dos dereitos de aduana para aprazar o pago do IVE á importación ata unha data determinada, atrasando o pago unha media de 30 días.

Opcións de transporte

Os requisitos do IVE á importación non se ven afectados polo transporte a GB ou o punto de chegada.

Sistemas

O IVE á importación para o transporte de mercadorías seguirá xestionándose a través de CHIEF/CDS (Customs Handling of Import and Export Freight /Custom declaration Service).

Controis

O Reino Unido xa realiza controis baseados na información sobre os movementos da UE e do resto do mundo, que continuarán en vigor.

4. As declaracións de seguridade e protección (xullo de 2022).

As declaracións de seguridade e protección non serán necesarias para as mercadorías que entren na Gran Bretaña desde a UE ata o 30 de xuño de 2022, como parte do anuncio do 14 de setembro sobre o escalonamento dos controis. A partir do 1 de xullo de 2022, aplicaranse os requisitos de seguridade e protección a estes movementos.

A partir do 1 de outubro de 2021, aplicaranse os requisitos de seguridade e protección á maioría das exportacións da Gran Bretaña á UE, incluídos os envases reutilizables.

Os transportistas teñen a responsabilidade legal de garantir que a autoridade aduaneira do Reino Unido reciba información sobre S&S (Safe&Security) antes da chegada, mediante as declaracións do resumo de entrada, para os envíos que se importan a GB. Para o S&S, o transportista defínese como o "operador do medio de transporte activo". O transportista pode acordar pasar o requisito ao comerciante, non obstante, o transportista seguirá tendo a responsabilidade legal.

O requisito legal é que a declaración de importación de S&S sexa completa e precisa, con todo, unha declaración pode ser modificada ata o punto de chegada ao Reino Unido

Os datos necesarios para unha declaración sumaria de entrada son:

- O expedidor.
- O destinatario.
- A descrición das mercadorías.
- O itinerario (país por país).

- O medio de transporte (por exemplo, a referencia do voo) e,
- A hora de chegada.

Cando non se moven baixo un contrato de transporte, os palets baleiros, os contedores e os vehículos que se moven na Gran Bretaña seguirán estando exentos da obrigaón de presentar unha declaración sumaria de entrada. Un contrato de transporte é un acordo entre un transportista e un cargador ou pasaxeiro, que establece os deberes e os dereitos de cada parte.

Opcións de transporte

O modo de transporte das mercadorías inflúe na antelación coa que se debe presentar a declaración de importación S&S ao control aduaneiro do Reino Unido. Os envíos deben presentar a súa declaración de importación S&S cun mínimo de horas de antelación á súa chegada a un porto do Reino Unido.

Isto é para asegurar que hai tempo suficiente para que a Aduana poida avaliar as declaracións. Con todo, a cantidade de tempo depende da opción de transporte elixida.

Se utiliza o Servizo de Circulación de Vehículos de Mercadorías, a declaración sumaria de entrada deberá presentarse na data máis temperá das seguintes: o requisito do tempo mínimo, ou ben, antes do peche da facturación. Isto é para permitir que o número de referencia de movemento da declaración sumaria de entrada se registre na referencia de movemento de mercadorías, que será validada polo transportista no momento da facturación.

Requisitos

Para realizar as declaracións de S&S requírese un número EORI da GB.

Sistemas

Para o comercio entre a GB e a UE, a presentación da declaración sumaria de entrada deberá realizarse no sistema UKS&S, "S&S GB". Trátase dun sistema independente dos sistemas de declaración de aduanas (CHIEF/CDS). Tamén existirá a opción de presentar as declaracións a través dos Provedores Comunitarios de Sistemas (Community Systems Providers CSPs)/provedores de software de terceiros.